



Rúa Atalaia, s/n
Telf.: 981 86 74 14
Fax: 981 85 41 40
15970 PORTO DO SON
servizos.sociais@portodoson.dicoruna.es

Porto do Son, 23 de outubro de 2014

Posto que as festas do Nadal xa están moi preto, a Concellaría de Servizos Sociais de Porto do Son, volve a organizar neste ano unha campaña de recollida de xoguetes, tras o notable éxito que acadou nos anos anteriores.

Desde esta Concellaría queremos agradecer a todos os veciños as súa colaboración, xa que grazas a eles moitos rapaces e rapazas poderán ter un sorriso nestas festas.

E tamén queremos agradecer a colaboración das amas de casa de Porto do Son e de Mariño (encargado da Biblioteca de Porto do Son) na recepción e posta a punto dos xoguetes, e tamén ao voluntariado do Concello por realizar o reparto. Sen a súa axuda, sería moi complicado poder realizar este tipo de iniciativas.

Recordamos que aquelas persoas que queiran colaborar, poderán deixar os xoguetes na Biblioteca de Porto do Son en horario de 09:30 a 13:00 e de 16:00 a 20:00 h., e que hai especial necesidade de agasallos para as idades comprendidas entre 11 e 15 anos.

Javier Quiñoy Taboada
Concelleiro de Servizos Sociais e Igualdade